



CONVOCATORIA DE CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DE TÉCNICO/A DA ÁREA DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E CIDADANÍA GLOBAL DE MANS UNIDAS EN GALICIA

Mans Unidas precisa incorporar de forma urxente unha persoa como técnico/a de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (ECG) na sede de Santiago de Compostela para a cobertura dunha baixa por maternidade.

- **Inicio do contrato:** mediados do mes de setembro.
- **Envío do currículo.** Por correo electrónico a: educacion.santiago@manosunidas.org
- **Data límite para a recepción de currículos:** sábado, 12 de setembro.

Ademais dos requisitos que se indican a continuación, a persoa candidata deberá asumir integramente a Misión, Visión e Valores de Mans Unidas (www.manosunidas.org)

PERFIL:

- Título universitario relacionado co ámbito educativo-social. (Graos de Educación, pedagogía, psicopedagogía, educación social ou similares).
- Formación de posgrao en cooperación e/ou educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Coñecementos a nivel intermedio en ofimática (procesadores de textos, follas de cálculo, presentacións, etc.), comunicación remota (zoom, meet ou similar) e xestión de redes sociais.
- Bilingüe galego-castelán.
- Carné de Conducir B
- Valorable: dispoñibilidade de vehículo propio.

EXPERIENCIA VALORABLE

- Experiencia profesional e/ou voluntaria en ONG de Desenvolvemento e/ou similares.
- Xestión de subvencións públicas e privadas no eido da cooperación e educación para o desenvolvemento e/ou similares.
- Organización e dinamización de actividades formativas en centros educativos en temas relacionados coa ECG e a sensibilización con profesorado e alumnado.
- Experiencia no ámbito educativo formal e non formal.

HABILIDADES PERSOAIS E LABORAIS:

- Capacidade de planificación, traballo por resultados e xestión autónoma do traballo.
- Facilitación e dinamización participativa do traballo en equipo.
- Escoita activa, comunicación positiva e facilidade para as relacións interpersoais.



- Habilidades analíticas e de resolución de problemas.
- Elaboración de textos, materiais e obradoiros educativos.
- Iniciativa, dinamismo e creatividade.

FUNCIÓN:

- Xestión dos proxectos da área de ECG de Manos Unidas Galicia financiados por convocatorias públicas (formulación, seguimento e xustificación técnica e económica, etc.).
- Xestión da execución dos proxectos cumprindo os procedementos internos de Mans Unidas e das entidades cofinanciadoras.
- Coordinación coas persoas responsables de área de ECG en Galicia e coa sede central.
- Facilitar a comunicación e coordinación coas delegacións de Mans Unidas en Galicia no eido da ECG.
- Acompañamento dos equipos de voluntariado na área de ECG de Mans Unidas en Galicia.

CONDICIÓN:

- Incorporación inmediata.
- Duración: 30 horas semanais até o remate da baixa por maternidade.
- Retribución: Segundo baremo da organización
- Lugar de traballo: sede de Santiago de Compostela, con dispoñibilidade para viaxar regularmente por Galicia.